

PRESENTASE UNHA METODOLOXÍA INNOVADORA PARA A APRENDIZAXE DA LINGUA DE SIGNOS USANDO AS TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN E DA INFORMACIÓN

- ***A finalidade do exitoso proxecto “Ensigna” foi facer chegar a lingua de signos a todas as persoas interesadas na súa aprendizaxe, a partir dunha metodoloxía que aproveita ó máximo as potencialidades que ofrecen as novas tecnoloxías***
- ***No proxecto, coordinado pola área de e-learning do CESGA, participaron a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, un grupo de investigación da Facultade de Pedagogía da Universidade de Santiago, e a empresa especializada en formación Grupo Femxa***
- ***A iniciativa contou co apoio económico da Consellería de Innovación e Industria a través do Plan Galego de I+D+i***

A Coruña, 19 de marzo de 2007. - O Director Xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, Salustiano Mato de la Iglesia, e o Presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Feliciano Sola Limia, presentaron esta mañá na sede da FAXPG os resultados do proxecto de investigación “Ensigna”.

Ensigna foi un proxecto financiado pola Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento que se desenvolveu durante os anos 2005 e 2006. Esta investigación estivo coordinada polo Centro de Supercomputación de Galicia. Nela participaron a Fundación FAXPG, o Grupo de investigación en Tecnoloxía Educativa da Universidade de Santiago de Compostela e o Grupo Femxa (empresa especializada en tecnoloxías de e-learning).

EN GALICIA, MÁIS DE 75 MIL PERSOAS TEÑEN PROBLEMAS DE AUDICIÓN

Segundo os datos que manexa a Xunta de Galicia –censo de poboación con minusvalía do ano 2005- o número total de persoas xordas en Galiza supera as dez mil (exactamente, 10.222). Porén, a realidade amosa que non todas as persoas xordas teñen certificado de minusvalía, polo que este número podería ser superior. Segundo datos do INE –Enquisa de Discapacidades, Minusvalías e Estado de Saúde do ano 1999-, o número de persoas con problemas de audición supera en Galicia as 75 mil (76.626).

A lingua de signos é unha lingua de carácter viso-xestual, é dicir, que emprega como canle fundamental a visión (na percepción) e a xestualidade (na expresión). É, por tanto, a lingua natural daquelas persoas que carecen de audición e que, grazas a ela, poden ter acceso íntegro ao mundo. Non obstante, e por mor dunha tradición educativa que primaba a homoxeneidade

fronte á atención a diversidade, a meirande parte das persoas xordas non tiveron acceso á lingua de signos no sistema educativo dende a súa infancia.

ENSIGNA ACADA UNS RESULTADOS MOI ESPERANZADORES

Dito proxecto de investigación tivo como principal obxectivo avaliar o desenvolvemento dunha metodoloxía innovadora de ensino-aprendizaxe de Lingua de Signos Española mediante a utilización por parte de profesores e alumnos de Tecnoloxías da Información e da Comunicación de última xeración.

Para a consecución deste obxectivo implementouse un curso piloto no que se deseñaron unha mostra de contidos didácticos multimedia interactivos que permitiran ós alumnos aprender a través de Internet a Lingua de Signos Española. É preciso resaltar que estes contidos estaban deseñados especialmente para que calquera alumno aprendera a Lingua de Signos Española, para o que, ademais da versión dos contidos en lingua española escrita, había tamén unha versión signada en formato vídeo.

Ademais disto, a metodoloxía de seguimento e avaliación continua deste proxecto puxo a disposición de alumnos e profesores unha tecnoloxía de comunicación multidireccional, de tal xeito que titores e participantes puideron realizar titorías en tempo real e en diferido. Isto permitiu ós profesores facer un seguimento persoal en todo momento, individualizado e en tempo real do progreso dos alumnos. Segundo os investigadores do proxecto, os resultados do mesmo demostran a posibilidade e efectividade da aplicación de Internet e as novas tecnoloxías á aprendizaxe da Lingua de Signos. Estes resultados supoñen unha base sólida para o posible desenvolvemento dun curso completo en Lingua de Signos máis adiante.

Durante o acto, ademais da presentación dos resultados acadados no proxecto, amosáronse as diferentes ferramentas tecnolóxicas utilizadas por parte de profesores e alumnos na realización do curso piloto.

É importante subliñar que, ata o de agora, e en función das análises de cursos de lingua de signos realizadas na fase previa de desenvolvemento do proxecto, é a primeira vez que se pon en práctica unha metodoloxía de ensino-aprendizaxe con este tipo de tecnoloxía.

**Persoas de contacto: Dna María José Rodríguez, investigadora principal.
Tfno: 981569810; e María Teresa López, responsable do proxecto
“Ensigna” na Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.
Tfno: 981169336**